

La Región **id**ad

UNIVERSIDAD

A UVigo apoia o uso dos nanoflúidos en Birmingham

No encontro en Birmingham, interviñeron representantes de máis de 12 institucións da rede europea Nanouptake

REDACCIÓN | VIGO 21/02/2019 10:03 H.

A Universidade de Vigo participou en Birmingham nunha das xuntanzas de seguimento da rede europea Cost Action Nanouptake, unha iniciativa integrada por máis de 35 grupos de investigación de 25 países, entre eles dous vigueses: Enxeñaría Solar e Refrixeración e Física Aplicada II, ao que pertence o profesor Luis Lugo, integrante do comité de xestión da rede e representante da institución académica viguesa neste encontro internacional.

O obxectivo de Nanouptake é crear unha rede europea de entidades e empresas de I+D+i para desenvolver e consolidar o uso de nanoflúidos para aumentar a eficiencia nos sistemas de intercambio e almacenamento de calor. Neste contexto, "esta reunión permitiu identificar o enfoque principal e tamén representou un paso importante na colaboración entre institucións de investigación e industrias para a implementación dos nanoflúidos na industria", apuntou xa de volta en Vigo o profesor Luis Lugo, quen tamén explicou que participaron nas diferentes mesas de traballo 12 socios que forman parte do consorcio do proxecto, incluíndo universidades, centros de investigación e empresas.

Transcorridos xa os primeiros dous anos do proxecto, dos catro, na reunión analizouse o informe de seguimento, destacando a publicación en revistas de alto impacto de medio cento de artigos conxuntos e a presentación, tamén de forma conxunta, de nove proxectos internacionais. A maiores, as e os participantes na

xuntanza decidiron tamén as actividades previstas para o último período do proxecto, destacando a organización da 1ª Conferencia Internacional Sobre Nanoflúidos (ICNf 2019) e o 2ª Simposio Europeo sobre Nanoflúidos (ESNf2019) que se celebrará na cidade valenciana de Castellón do 26 ao 28 de xuño deste ano.

LA REGIÓN INTERNACIONAL**PRESSCLUB****ATLÁNTICO****TELEMIÑO**

opennemas | POWERED BY PENHOST